REFLEXIÓNS VERBO DA NAONIMIA DE GALICIA

Xesús Ferro Ruibal
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

1. Interese da onomástica perecedeira

Os nomes das embarcacións forman parte do que podiamos chamar *onomástica perecedeira* e o propósito desta comunicación é facer unha cata neste asunto aparentemente menor pero paralelo doutros coma os nomes dos bares e cafeterías, das salas de festa, discotecas e pubs, das novas urbanizacións, dos hoteis, dos camións e realidades similares. Quero convida-los investigadores a debruzarse no estudo desta parcela da onomástica e direi por qué.

A boa etimoloxía explícanos cal é a forma histórica anterior dunha palabra e moitas veces dá convertido unha palabra opaca e case arbitraria en transparente ou motivada. Pero moitas outras veces a etimoloxía non dá ido máis aló de dicirnos cal é a nai da nosa palabra e non pregunta por qué hai un ou dous milenios a nai se chamaba así. A etimoloxía é luz pero, moitas veces, luz curta. Cando a etimoloxía, por rigor conceptual, se obriga a non pedi-lo auxilio doutras ciencias como a sociolingüística, a antropoloxía ou a psicoloxía social, remata o seu percorrido no axioma da arbitrariedade do signo lingüístico, deixando o traballo a medio facer. A resposta ó último porqué queda adiada *ad kalendas Graecas*.

E a min paréceme que se lle puxermos máis atención ós actos onomásticos que se están a producir ante os nosos ollos, agora mesmo, igual descubriamos factores e quizá leis do proceso nominador xeral. Factores como os mecanismos antropolóxicos, a sociolingüística do contacto de linguas, a psicoloxía social parecen intuírse ou mesmo facerse visibles cando observamos en vivo o acto de poñerlle nome a cousas de hoxe. Peñerei un exemplo.

Nos derradeiros anos do pasado século a empresa galega Castromil, líder no transporte de viaxeiros por estrada, cando estivo presidida polo pianista Ramón Castromil, apoiou a normalización da lingua galega, poñendo en galego os billetes dos viaxeiros, os rótulos do autobús, agasallando os clientes cuns relatos breves escri-

imprimir_actas_def 14/9/06 10:27 Página 546

tos para este fin (*Contos do Castromil*) e mesmo lle deu a cada autobús o nome dun personaxe da cultura de Galicia (escritores, músicos, pintores, historiadores etc.) e inaugurou a tradición de que o Día das Letras Galegas, 17 de maio, a Real Academia Galega acudise ó acto institucional estreando un deses autobuses co nome do personaxe ó que se dedicaba ese ano o Día[1]. Evidentemente aquí o nome do autobús porta un plus de significado sociolingüístico que a simple etimoloxía lingüística non chega a percibir, a pesar de que esa razón sociolingüística é o máis importante dese nome, é o que o explica que o autobús leve ese rótulo, e é o decisivo no acto de lle poñer nome ó autobús.

A naonimia, como onomástica efémera, será un sector menor da onomástica pero ten a vantaxe de permitirnos observar en vivo o proceso nominador e, se cadra, algúns porqués últimos que a etimoloxía nunca explica poderían explicarse, en achegándose a este feito un observador perspicaz, que non é o meu caso. Poida que ese tal lingüista descubrise aquí que, á hora de denominar libremente unha realidade nova, o home actúa conforme a criterios non sempre conscientes de orde sociolóxica, psicolóxica, histórica, política, estética e o investigador podería resaltar que do resultado da elección denominativa dedúcense informacións verbo das filias e valores da sociedade na que vive a persoa que pon nome e o influxo do adstrato e supestrato sobre a lingua en cuestión. Un estudo parcialmente diacrónico permitiría incluso converter esta radiografía social instantánea en cine lingüístico.

Nesta comunicación eu só aspiro a poñer encol da mesa algunhas observacións, á espera de que, como digo, alguén con máis luces queira abordar sistematicamente este estudo.

É sabido que a lei española ordena que os barcos leven o folio (equivalente da matrícula) nas dúas amuras (que son os dous lados da proa) e que leven o nome na popa; e, se tiveren ponte, tamén na ponte. Tamén é sabido que, ó cambiar de propietario, un barco pode cambiar de nome, aínda que os mariñeiros din que trae mala sorte cambiarllo e adoitan conservalo.

Os nomes que aquí se estudan son os que figuran como matriculados en Galicia segundo a Secretaría General de Pesca Marítima, á que agradezo o acceso ó censo do 2002. Pero esa non é a totalidade da actividade pesqueira dos galegos: por poñer un caso, o pasado 26.8.2002 as autoridades australianas apresaban dous barcos tripulados e capitaneados por galegos: o *Lena* (armador ruso e bandeira de Taganrog) e mailo *South Toni* (armador coreano e bandeira de Togo).

2. Censo de barcos e nivel de decisión onomástica

Barcos pesqueiros galegos censados en 2002		
Barcos censados	7.189	
Barcos con máis de 50 TRB	537	7,46%
Barcos con 5 ou máis TRB	1.483	20,60%
Barcos con 3 ou máis TRB	1.901	26,44%
Barcos de 2 ou máis TRB	2.382	33,13%
Barcos con menos de 2 TRB	4.779	66,47%

imprimir_actas_def 14/9/06 10:27 Página 547

Como se ve, un 66% dos barcos pesqueiros galegos teñen menos de 2 TRB, o que, máis que a importancia porcentual da pesca artesanal no conxunto da pesca galega –que ós efectos desta comunicación non ten interese-, indica que a acción de poñer nome a un barco non é na maior parte dos casos decisión do consello de administración dunha empresa senón asunto familiar, e quizais ás veces individual, nalgúns casos mesmo casual, como veremos en 3.11. É este nivel familiar e case íntimo da decisión o que interesa dende un punto de vista lingüístico, porque permite que na naonimia galega a lingua galega xurda e apareza en documentos oficiais, a pesar da presión da oficialidade en castelán, e que apareza como algo natural, espontáneo, case silvestre, sen preocupacións normativas, con toda a súa variedade dialectal.

3. Aspectos semánticos

3.1. Campos temáticos da naonimia galega

É imposible dentro dos límites desta comunicación analizar tódolos bloques temáticos que compoñen a naonimia galega. Procederei, polo tanto, neste apartado 3 a sinalar unicamente algúns temas que persoalmente me interesaron máis e nos apartados 4 e 5 farei algunhas observacións de tipo lingüístico. Pero o gráfico seguinte evidencia que queda aínda un amplo campo a disposición dos investigadores.

Distribución temática dos barcos pesqueiros galegos



imprimir_actas_def 14/9/06 10:27 Página 548

3.2. Barcos con nomes de home ou nome de muller

Nunha primeira lectura dos nomes dos barcos de pesca galegos salta á vista que 2.231 dos 7.189 barcos levan un nome de persoa e ningún outro criterio parece competir con el á hora da elección do nome para o barco. ¿Por qué? Podiamos dicir que segue actuando neste eido o vello sistema medieval de designar unha realidade co nome do seu posesor, a fin de contas, un barco é unha propiedade produtiva como o é unha leira ou calquera outra parcela de terra. E non direi que non. Pero hai algún matiz que deberemos observar.

A propiedade dos barcos, en canto elementos perecedeiros, é un ben que se adquire unha ou varias veces na vida. Normalmente mércanos persoas adultas e xa casadas. Ora ben, como o sistema vixente por defecto en Galicia, a diferencia doutros pobos, é que o contrato matrimonial se realice sen separación de bens, o barco é ordinariamente un ben ganancial, é dicir, a muller e o home adoitan comparti-la propiedade do barco, sendo cada un dos cónxuxes propietario do 50%. A pesar disto, o número de barcos con nome de persoa está moi lonxe do equilibrio entre as denominacións masculinas e femininas: do parcial de barcos con nomes de persoa, os nomes de muller representan o 93%.



O primeiro que chama a atención é que dos 7.189 barcos de pesca case un terzo (28,83% = 2.073) levan nome de muller, fronte ó 2,19% (158) que o levan de home. A antroponimia, como dixen, parece se-lo núcleo máis significativo da naonimia galega actual. Vexamos isto con máis detalle.

imprimir_actas_def 14/9/06 10:27 Página 549

Nomes de muller	**2.073**	
María	364	María 75, Maruxa 7, Maruja 19, (Marujita 3), Mari 30, Mary 19, Marigel 1, M. Carmen 37, Marichelo 2, M. Dolores 9, Mariloli 1, Mariló 3, Marilena 1, Marilé 1, Maribel 3, M. Jesús 10, Marichu 1, Marichita 1, M. José 14, Marisé 6, M. Lourdes 1, M. Luísa 20, Marisa 14, Marisita 1, Marimar 1, M. de los Milagros 1, M. dos Milagros 1, Mariola 1, M.Teresa 17, Marité 3, M. Elda 1, M. Ivana 1, M. Ivone 1, M. Eligia 1
Carmen	125	compostos 26, Carmencita 3, Carmencho 1, Carmiña 15, Carmucha 1, Mucha 4, Mela 1, Melita 1
Dolores	80	Dolorosa 1, Doli 1, Lola 24, Loli 8, Lolina 1, Loliña 3, Lolita 14, Lejana Lolita 1, Loly 2
Ana	76	Anita 8, Nuska 1, Belén 2, del Mar1, Primera 1, Dos 2, Segunda 2, Tercero 1
Rosa	64	Rosiña 1, ¿Rosinha?, Rosita 1, Rosina 1, Rosana 7, Rosa Ana 3, Rosa María 2, Rosa Mary 4
Josefa	54	Josefina 4, Josefiña 2, Fina 19, Finuca 1, Finita 5
Teresa	34	Tere 3, Teresita 5, Teri 2, Tery 1
Pilar	30	Pilariña 1, Pilarita 3, Pili 4, Pilita 1, Pilucha 1
Xoana 1 Juana 22	25	Juanita 15, Yovana 1, Yovy 1
Isabel - Sabela	25	Sabela 2, Isabella 2, Isa 3
Eva	25	Eva María 7, Eva y Abel 1, Evita 3, Evy 1
Concepción	25	Concha 9, Conchi 1, Conchiña 2, Conchita 9
Mercedes	21	Merche 3, Merchi 1
Mónica	19	Moni 2
Lucía	18	Luci 2, Lucita 5
Olga?	17	Olguita 3
Francisca	17	Facuca 1, Farruca 1, Paca 1, Pacucha 1, Paquiña 2, Paquita 6
Consuelo	17	Consuelito 1, Chelo 6, Chelito 1
Pepa	16	Pepita 15, E non hai Pepiña/Pepiño
Elena	16	Elenita 1
Alba	16	do mar 1
Paloma	15	Palomita 3
Elvira	14	Elvi 2, Elviriña 1, Elvirita1
Sandra	13	Sandrita 1
Estrella	13	E. del (top.) 6, E. verde 1
Beatriz	13	Bea 3, Betti 1, Bety 3
Patricia	12	Patri 3

imprimir_actas_def 14/9/06 10:27 Página 550

Margarita	12	Margarit 1, Marga 1, Margot 1
Manuela	12	Manola 5, Manolita 4, Manoli 1, Manuelita 1
Esperanza	12	
Catalina	12	Catuxa 1, Katiuska 1, Katiusca 1, Katy 2, Kity 1, Cati 4, Catia 1
Luísa	11	Luisita 1
Xulia 1 Julia 9	10	
Susana	10	Susi 8, (Susin 1, Susy 1)
Silvia	10	Silvita 1
Natalia	10	Nataly 1, Nati 4
Marina	10	Mariniña 1, Marinuca 1, Marinita 1
Laura	10	Laurina 1, Laurita 1
Elisa	10	Lisa 5, Lisi 1, Lisita 1, Lisbel 1, Lisuca 1
Cristina	10	
Begoña	10	Bego 1, Begoñita 2

Nomes de home	**158**	
José	65	
Santos varios	50	José 9, Martiño 5 (-ín2), Domingo 3, Juan 3 (Xuan 1)
Xoán 2 Juan 31	33	Xuán 1, Yoni 1, Jony 1
J. (Carlos, Juan,…)	24	
Francisco	23	Fran 4, Paco 1, Pachuco 2, Paquito 2, Pancho 1, Panchiño 2, Panchito 2, Panchín? 1
Antón	18	Antonio 6, Toño 1, Toñito 1, Tono 3, Tony 1, Tonecho 2, Tucho 2
Manuel	17	Lelo 1, Manolo 5, Manolito 4, Manu 1, Neliño 1, Nolete 1, Nolito 1
Oscar	13	
Pepe	11	
Jorge	11	Jordi 1 (18 t.)
Angel	11	Angelito 1, de la Guardia 1, del Mar 2, Luís 1, Manuel 1, Segundo 1
Ramón	10	Moncho 4, Monchito 4, Mon 2
Javier	10	Javi 6

imprimir_actas_def 14/9/06 10:27 Página 551

Comparemos agora estas frecuencias con datos da antroponimia.

Índice comparativo dos dez nomes máis frecuentes entre			
Santos titulares de parroquias	Nomes do censo de 1970	Hipocorísticos do censo de 1970	Nomes de barcos no censo 2002
María	MARÍA	Maruxa, Marica...	MARÍA, Maruxa...
Pedro	XOSÉ	Pepe, Pepiño...	CARMEN, Mucha...
Santiago	MANUEL	Manolo, Lelo...	*DOLORES, Loli...
Martiño	CARME	Carmiña, Carmela, Carmucha, Mucha...	ANA, Anita...
Salvador	CONCEPCIÓN	Concha, Conchiña...	*JOSÉ, Pepe, Os Pepes...
Miguel	ANTONIO / ANTÓN	Toño	ROSA, Rosana, Rosa Mary
Xoán	RAMÓN	Moncho	SAN (nome de santo)
Baia	XOSEFA	Xosefina, Fina, Pepa	*JOSEFA, Fina...
Xián	DORES	Lola	TERESA, Teresita...
Estevo	XOÁN / XAN	Xanocas, Xanote...	*JUAN, XOÁN...

Lamento non dispoñer de ningún dato máis actualizado e por iso comparo cos datos do Censo de 1980 (Kremer 1994). Como se ve polo cadro anterior, *María* confirma na naonimia actual a súa multisecular condición de nome de persoa máis frecuente na onomástica persoal galega. *Carme* ascende ó segundo posto e isto é explicable porque estamos falando de barcos e é ben coñecida a devoción actual dos mariñeiros a esa advocación mariana que exerce un padroado gremial que antes confiaban ó Cristo de Fisterra ou ó de Vigo, a Santa María da Guía, á de Chanteiro ou á da Pastoriza e, quizais máis antes, a san Adrián (Ferro 1992:64-65). Nos nomes que seguen en orde decrecente de frecuencia sorprenden os ascensos de *Ana* do posto 22º na antroponimia ó 4º na naonimia, de *Teresa* do posto 18º ó 8º, e de *Rosa* do 7º ó 6º. Probablemente estes cambios correspondan ó que no cambio de milenio está acontecendo na propia antroponimia, da que, como digo, non dispoño de datos.

3.2.1 ¿É a esposa a muller que está detrás destes nomes?

É demasiado radical a desproporción entre nomes de muller e nomes de home (93% fronte a 7%) como para non sentirmos curiosidade pola razón que pode explicar tan marcada preferencia pola muller. A resposta a esta pregunta pódenos levar xa a un eido distinto do estritamente onomástico, ó terreo da antropoloxía. Unha primeira hipótese sería que a preferencia polos nomes de muller responde un compor-

imprimir_actas_def 14/9/06 10:27 Página 552

tamento galante e cortés do home coa súa esposa; pero, como a galantería é un acto libre e voluntario, esixe que a mentalidade social sexa claramente antropocrática e iso tropeza co feito de que na sociedade galega tradicional funciona unha distribución de funcións entre home e muller algo diferente da que se dá noutras sociedades e aquí o papel da muller ten, en xeral, unha relevancia maior, aínda que non poidamos catalogar de matriarcal esta sociedade.

A segunda hipótese sería pensar que o mariñeiro, que nese barco ó que lle pon nome vai botar longas e incertas horas na inmensidade e soedade do mar, busca no nome feminino unha compensación psicolóxica, coma se o nome tivese a función de facer presente nesa inmensa soidade a presenza amiga da muller amada, provoca-la sensación de seguridade que ó pe dela o mariñeiro ten en terra. A figura feminina sentiríase nesta hipótese como o porto seguro e como a persoa que queda á espera do mariñeiro que se sente minúsculo no medio do mar.

Non exclúo que esa sexa a razón da escolla do nome de muller en moitos casos, máis concretamente, da muller-esposa. Pero temos que facernos unha pregunta complementaria: ¿por qué as mulleres non arman barcos con nome de home? É sabido que, como propietario do barco adoita figura-lo home (ás veces co engadido *e outros*[2]), aínda que os bens adquiridos durante o matrimonio en Galicia sexan case sempre gananciais, pero nalgúns casos vin que figura como armadora unha muller e os nomes son *Laura y María* (207 t.), *Marosa* (281 t.), *Playa de Ereaga* (144 t.), *Conchi* (1 t.), *2ª Moderna* (1 t.), *Rubia 3ª* (2 t.), *Os Guimerán* (1 t.). É dicir, o barco leva moi frecuentemente o nome dunha muller aínda que o armador sexa o home pero, cando a armadora é a muller, isto só acontece nun 33% dos casos. É coma se o mariñeiro pensase na muller pero a muller non pensase no mariñeiro. Resulta inverosímil. Así que temos que imaxinar outras explicacións a esta asimetría. E véñenseme á cabeza dúas. Unha, a propietaria é unha viúva e conserva o nome que tiña en vida do armador defunto. Outra, mantén nome de muller nun terzo dos casos, porque esa muller é outra distinta da esposa. Posiblemente as dúas expliquen conxuntamente o fenómeno.

3.2.2 ¿É un amor de mariñeiro quen está detrás destes nomes?

Sospeito que moitos barcos que levan nome feminino non evocan a esposa, senón outra muller. Nalgúns casos, poucos, ben podería esta-la lembranza dun lonxano amor de mariñeiro como son *Canaria* (0,91 TRB), *Chilena* (1,45), *Cubana* (1,3), *Liberiana* (2,34), *Parisina* (1,5), *Portuguesa* (0,9) ou *Lejana Lolita* (1). Obviamente é unha pura hipótese pero tratándose de barcos galegos e barcos dedicados a artes menores, non me parece inverosímil que eses poucos nomes escondan lonxanas lembranzas. Aínda que a terrible crise pesqueira está reducindo en Galicia a niveis nunca vistos o número de mariñeiros, ata hai pouco boa parte dos homes da costa galega navegaban os mares todos do mundo e iso era ocasión dunha variadísima experiencia vital.

imprimir_actas_def 14/9/06 10:27 Página 553

3.2.3 ¿Son as nais, fillas e netas as que están detrás dos barcos con nome de muller?

Hai casos nos que o nome feminino debe de designa-la esposa ou a nai do mariñeiro (*Nai Alicia / Madre Josefa Uno, Madre mía, Madre perfecta, Madre querida*) e obsérvese que os cinco barcos que levan explícito o nome da nai suman 430,92 TRB, cunha media 86,18 TRB, é dicir, moi probablemente propiedade de varios irmáns que teñen como única muller común a nai de tódolos eles.

Ora ben, se temos en conta que dos 2.073 barcos con nome de muller 596, é dicir case un terzo, son hipocorísticos, encontramos indicios máis fiables para afirmar que a muller que está detrás do nome do barco non é a esposa nin a nai.

Si, é certo que hipocorísticos como *Catuxa*, *Conchiña, Elviriña, Facuca, Farruca, Fina, Finuca, Lisuca, Paca, Pacucha, Paquiña* e mesmo o híbrido *Josefiña* poden perfectamente referirse á esposa do propietario do barco, porque eses hipocorísticos tradicionais son frecuentes entre mulleres de toda idade e previsiblemente o que pon nome ó barco supera os 30 anos. Pero é menos verosímil que mulleres de 30 anos leven nomes coma *Romina*, *Sabrina*, *Samanta, Sandra*, *Silvia*, *Sonia*, *Soraya*, *Tamara*, *Tais, Tania* ou *Vanesa,* porque estes son nomes de recente introdución no sistema onomástico galego. Máis recentes aínda son hipocorísticos como *Marigel, Mariloli, Mariló, Marichita, Rosa Mary, Begoñita, Sandrita* ou *Teresita*: resulta inverosímil que se refiran a mulleres xa casadas.

E, dada a idade que lle presupoñemos á esposa do que pon nome ó barco, o mesmo acontece con nomes de aínda máis recente introdución entre nós como *M. Ivana, Nuska, Yovana, Catia, Katiuska, Katiusca* e a fortiori cos hipocorísticos formados ó estilo inglés que prima as primeiras sílabas (*Manu)* fronte ó tradicional galego que prima as últimas (*Nelo*): *Bego, Betti, Bety, Cati, Conchi, Doli, Elvi, Isa, Katy, Kity, Loly, Merchi, Moni, Nataly, Nati, Patri, Susi, Susín, Susy, Teri, Teri, Tery, Yovana* e *Yovy.* Todos estes hipocorísticos angloides (que a xente engloba como xenericamente exóticos pero que entraron polo castelán) cadran coa tendencia habitual en Galicia de falarlles ós pequenos en castelán.

Todo leva a pensar que, polo menos en moitos casos, os mariñeiros dan o nome das fillas e das netas ós seus barcos.

3.2.4 Fillos e netos como referentes nos nomes dos barcos

Coido que temos algo que nolo vai confirmar. Dos 150 naónimos que son nomes de home, 58 son hipocorísticos. Ben, pois é sabido que en Galicia teñen diferente duración os hipocorísticos tradicionais (*Lelo, Manolo, Moncho, Neliño, Nolete, Pachuco, Paco Panchiño, Pancho, Paquito, Tonecho, Tono, Toño, Tucho*), e os hipocorísticos importados do castelán (*Angelito, Manolito, Monchito, Nolito, Panchito, Paquito, Toñito*). Os galegos en *–iño/ -olo, -echo* poden seguir funcionando toda a vida e rexistrámolos en persoas que superan os sesenta anos, mentres que os casteláns ou castelanoides en *–ito* adoitan desaparecer do uso contra os vinte anos, porque nesa altura da vida o portador manifesta o seu desagrado a que o chamen por ese nome: a razón é

imprimir_actas_def 14/9/06 10:27 Página 554

que o hipocorístico castelán se sente como forma diminutiva (é dicir, infantilizante), mentres que o hipocorístico galego se sente como forma afectiva. Por iso un pode chegar en uso á vellez o outro dificilmente supera a adolescencia.

En consecuencia, dos hipocorísticos galegos non tiramos máis información para este caso, pero dos casteláns en *-ito* e sobre todo dos hipocorísticos angloides como *Fran, Javi*, *Jony, Jordi, Manu, Tony* ou *Yoni*, que son de recente introdución, si que podemos asegurar que aluden a persoas novas, verosimilmente os fillos ou os netos do propietario do barco.

Se isto é así, os hipocorísticos masculinos virían confirma-la hipótese de que é ós fillos e ós netos a quen se refiren preferentemente os nomes de persoa dos barcos. E, claro está, máis ás netas que ós netos.

3.3 Barcos con nome de santo, relixiosos ou bíblicos

Relacionado co apartado 3.2 pero cunha importancia numérica moi inferior está o volume de barcos con nome dalgún santo e coméntoo agora porque, cando o barco leva o nome dun santo, invírtese a proporción feminino/masculino: así, dos 151 barcos matriculados con haxiónimos, a maioría levan nome de santo, non de santa. Os santos máis frecuentes son **José*, *Martiño,* (*Martín*), *Domingo*, *Juan*, (*Xuan*) e as santas máis frecuentes son *María* e *Columba*. E hai tamén outro dato: os barcos con nome de santo teñen en xeral máis toneladas de rexistro bruto cós barcos con nome de santa; é dicir, con nome de santo hainos de 11, 18, 23, 30, 35, 35, 42, 48 e 133 TRB mentres que con nome de santa só dous chegan a 15 ou a 13 TRB. E coma se o mariñeiro percibise a sociedade terrestre cunha presenza do feminino máis decisiva do que el pensa que debe de acontecer na sociedade celestial, máis masculina ela.

		Comúns	Galego	Castelán	Latinos
	Total	Total	Total	Total	
Santos	107	40	23	40	4
Virxe / Virgen	44	**40**	7	37	
Total	**151**		**30**	77	**4**

O feito de que os nomes de santo estean con certa preferencia na forma castelá non fai máis que reproduci-la realidade de que o culto oficial se fai maioritariamente en lingua non galega, antes latina e agora castelá; só algúns santos moi tradicionais poden asomar algunha vez na forma galega (*Martiño, Xuán*).

3.4 Barcos con nomes de lugar

Un total de 261 topónimos dan nome a barcos pesqueiros galegos. A toponimia de Galicia ofrece 186 nomes, nos que predominan os nomes de puntas (*Cabo*

imprimir_actas_def 14/9/06 10:27 Página 555

de Laxe, Cabo Prior, Punta da Buítra, Punta Boi, Punta do Castro), praias (*Area Cova, Area Longa, Playa da Granxa, Playa das Dunas, Playa de Cariño, Playa de Beluso, Playa de Celeiro, Playa de Esteiro*) illas (*Sálvora, Lobeiras, Illa de Rúa, Illa dos Cartos, Illa Gabeira, Illa Lobeira, Illas Sicas*), rías (**Arosa*) e lugares da costa ou próximos a ela (*Aldán, Bouzas, Coia, Chapela, A Coruña, Lago Castiñeiras, Lapamán, Parrote, Portosanto, Portosín*). É menos frecuente a toponimia interior (*Chantada, Sofán, *Cotobad*).

24 topo-naónimos son da Península ibérica, e deles, 20 son de España (*Arlanza, Arlanza Cuatro, Avilés, Baleares Uno, Betic, Betis, Castilla, Costa del Mar, Costa del Sol, Ebro, Euskadi, Euskadi Dos, Fuensanta, Mallorca, Marbella, Monte Naranco Segundo, Sevilla, Tajo, Teruel, Triana*) e 4 de Portugal (*Lusitania, Lusitania Primero, Sagres Cuatro, Setubal*). O resto de Europa ofrece 9 nomes (*Asís, Capri, Holanda, Isla de Creta, Mar de Islandia, Milano, Monte Ural, Pavia, Suíza*).

África ofrece 2 (*Ciudad del Cabo, Sudán*). América e o Atlántico ofrecen 28 nomes (*Acapulco* (2), *Alaska, Antilles, Argentina* (7), *Brasileiro Tres, Brasilia* (2), *Cabo de Hornos Dos, California, Caracas, Chile Uno, Ecuador, Habana, Haití, Mar de los Sargazos Dos, Mar del Plata II, Mar del Sur, Maracaibo, Segundo Yucatán, Tamanaco, Uruguay*). Asia, incluíndo o Oriente próximo, ofrece 11 (*Asia, Costa del Vietnam, Jordania, Macao, Malasia, Mar Galilea Primero, Mar Negro, Mar Rojo, Monte Sinaí Segundo, Nazaret, Golfo Pérsico*). E temos no Pacífico a norteamerica *Haway.*



imprimir_actas_def 14/9/06 10:27 Página 556

Parece interesante observar que neste apartado de topo-naónimos os barcos de maior calado (bacalladeiros, arrastreiros de fondo e palangreiros) levan todos nomes da toponimia galega sendo estes, en orde decrente os que están entre as 1381 TRB e as 500 TRB (*Montecelo, Cotobad*, *Arosa Quince, Arosa Nueve, Arosa Doce, Arosa Catorce, Playa de Arneles, Xaxán, Meixueiro*). Obsérvese tamén que América é un referente maior que o resto da península ibérica e que Asia supera ó resto de Europa. Isto evidencia que o mariñeiro galego navegou moito polo Atlántico sur e polo Pacífico.

A toponimia galega está, en xeral, ben escrita coa excepción de *Arosa, Cotobad, Mar de Noya, Villalba Dos, Playa de...* A toponimia foránea adoita aparecer respectada ou adaptada segundo os hábitos oficiais do castelán, que unhas veces respectan o endónimo e outras veces fabrican un exónimo e así encontro *Haway* e *Alaska* pero *Asís* e *Suíza.* As excepcións son *Milano* e *Euskadi*, aínda que esta cada día é menos unha excepción.

3.4.1 Barcos con nome de monte

Outro bloque sorprendente, aínda que obviamente menor, é o dos montes e aquí hai tamén unha relación precisa: un barco que leva o nome dun monte é ordinariamente un barco de gran tonelaxe. O *Xaxán* nome dun monte que da ría de Vigo dá nome a un barco de 557 TRB. Os seguintes *Monte Blanco Primero, Monte Castro, Monte Corpiño, Monte da Vela, Monte Salto, Monte Santa Tecla, Monte Ventoso, Monteagudo, Montecelo, Montelouro* suman 2.651 TRB, cunha media de 265 TRB. Isto evoca unha comparanza do mundo grecolatino. Cando os aqueos, desesperados por levaren tantos anos asediando inutilmente a cidade de Troia, deciden construír un cabalo como suposta ofrenda á deusa Palas e meten dentro os mellores soldados para conseguiren que os troianos o metan dentro da cidade e así atacalos dende dentro. Virxilio cóntao así nos versos 13-16 do libro 2 da *Eneida*:

> ... Fracti bello fatisque repulsi
> ductores Danaum, tot iam labentibus annis,
> instar montis equum, divina Palladis arte,
> aedificant...

O cabalo é 'grande coma un monte' (*instar montis*). Eu coido que o feito de que moitos dos barcos de maior tonelaxe leven nome dun monte, responde á mesma percepción do barco que parece un monte para quen o observa dende o nivel do mar.

3.5 Nomes de animais

Os animais representan tamén un grupo interesante de 169 barcos, 73 en galego, 33 en castelán e 66 que poden ser interpretados como galegos ou como castelans. O maior número corresponde ó das aves (66), pero se sumamos peixes e cetá-

imprimir_actas_def 14/9/06 10:27 Página 557

ceos (45) ós mariscos (28) farían un grupo de 73. Seguen os mamíferos e réptiles (25) e os insectos (5).

			Comúns		Galego		Castelán	
		Total	Total	%	Total	%	Total	%
Mamíferos e réptiles	*Canguro, Dragón* (2) *Gacela, Gata, Lagarta, León, Lobo, Nutria, Pantera, Tigre, Vampiro / Ardilla* (2) *Rana / Bicho, Bichuca, Cadela, Gata Nova, Lagartiño, Mica, Raposiño, Raposo, Touro, Laica* ou *Laika*	25	13		9		3	
Insectos	*Avispa, Escorpiona, Mariposa, Mosca, Volvoreta*	5	1		2		2	
Aves	*Galego Albatros* (2), *Ave* (3), *Ave Fénix, Ave Marina, Azor* (4), *Buitre, Canario, Cisne* (2), *Cóndor, Cormorán, Cuarta Águila, Faisán Tercero, Garza, Ibis, Mascato, Oca, Pato, Pichón, Pichona. /Alondriña, Anduriña* (9), *Arau* (3), *Arau Tres, Carrizo Dous, Cisne de Plata Dos, Gaivota* (2), *Gaivota, Laberco, Labradora Segunda, Laverca, Rula, Rulo / Abubilla, Águila del Caribe, Alondra, Ave del Mar* (7), *Ave Marina, Buho, Codorniz, Gavilán, Gaviota, Golondrina, Gorrión, Halcón, Urraca*	66 (6'05 TRB)	27	74 TRB (2,87 TRB)	23	282 TRB (12,2 TRB)	19	41 TRB (2,18 TRB)
Mariscos	*Ameixa, Berberecho, Bígaro, Calamar, Calamares, Camarón* (2), *Camarón III, Cangrexo* (2), *Caracola, Centola* (2), *Centolo* (2), *Chirla, Chopo, Cigala* (2), *Gamba, Nécora, Percebe, Vieira. / Almeja, Bogavante* (2), *Chirla e Choquero*	28	0		23		5	

imprimir_actas_def 14/9/06 10:27 Página 558

			Comúns		Galego		Castelán	
		Total	Total	%	Total	%	Total	%
Peixes e cetáceos	*Atún, Barbo, Bocaréu, Carpa, Delfín* (8), *Delfín Doce, Escualo, Espada, Espadín Dous, Fletán Tres, Foca* (2), *Morsa, Piraña, Salmón, Salmonete, Sargo, Tiburón, Anguiacho, Arroás, Badeixo, Escacho* (2), *Escalo, Golfiño R, Peixe do Mar, Robaliza, Sardiña, Tranchiño, Troita, Xardo, Xouba, Xurel Uno, Xurelo, Anguila, Lubina, Merluza, Orca*	45	25	678 TRB (media 27,14)	16	832 media52 TRB	4	13 TRB (media 3,33 TRB)
	TOTAL	169	66	39,05	73	43,19	33	19,52

Como se ve, hai máis barcos con nome galego (73) que con nome en castelán (33) pero a proporción é diferente en mamíferos e réptiles (9/3), en aves (23/19) e en animais marinos (39/7). E, unha vez máis, os barcos con nome en galego teñen maior tonelaxe cós barcos con nome en castelán.

3.6 Nomes literarios ou referencias míticas

Sendo a maior parte dos propietarios, mariñeiros sen grandes estudos, as referencias literarias son escasas. As referencias literarias que existen teñen que ver nalgúns casos cunha alta tonelaxe e isto indica un nivel económico máis alto e probablemente foi un consello de administración dunha empresa quen decidiu o nome do barco. Tal é o caso de *Bradomín* (240 TRB) e de *Luces de Bohemia* (55), clara referencia a Ramón M. del Valle Inclán, escritor de lectores escolmados. Quizais sexa doado explicar pola súa popularidade que un barquiño de 1,74 TRB da Pobra do Caramiñal se chame *Moby Dick,* obra de Herman Melville (1851) que tanto fala das baleas, aínda que dificilmente pescará unha balea semellante embarcación. Sospeito que *Quevedo* (de 0,8 TRB) máis que aludir a Francisco de Quevedo y Villegas (1580-1645), alude ó suposto autor de tódolos chistes verdes que antes se contaban. Existe tamén un *Zorrilla* (4,33 TRB).

En canto ás referencias míticas, encontro estas: *Apolo, Aquiles Número Dos, Atlante Siete, Atlas, Calipso, Cibeles, Cupido, Eros, Fauno, Galatea* (2), *Galaxia Dos, Júpiter, Marte, Neptuno, Orión, Pegaso, Sirena, Sirena del Mar, Sirena do Mar, Teucro, Titán, Tritón, Ulises, Urano, Venus, Vulcano II, Zeus Uno / Tharsis.* E a estas referen-

imprimir_actas_def 14/9/06 10:27 Página 559

cias clásicas habería que engadir estes mitos galegos: *Breogán* (3), *Coca, Fedella, Fedello* e *Meco.*

3.7 Radio, cine e televisión

Os modernos medios de comunicación fixeron populares algúns nomes que agora aparecen en barcos galegos: *Tarzán, Cantinflas* (2), *Botines* (da película de Marilyn Monroe[3]). Á persoas, series ou anuncios publicitados na Televisión Española deben probablemente a súa orixe *Masiel, Kung-fu, Gallina Blanca* e *Yo sigo* (frase dun cómico dos anos 80). Só vexo unha posibilidade de orixe na TVG, a de *Socorrito*, barquiño de Vilanova de Arousa e que, no mellor dos casos correspondería a un dos personaxes que nesa cadea encarna a actriz Mela Casal. *Negrete* parece evocar a Jorge Negrete, cantante mexicano (1911-1953), pero ben pode ser alcume posterior de persoa morena. *Parrala* (que parece evoca-la cantante de flamenco Dolores *'La Parrala'* (1845-1915) que quedou perpetuada nunca cantiga popular no sur de España[4]).

Paco de Roque, mariñeiro de Camariñas, explícame que os mariñeiros de antes, que percorrían o mundo enteiro na mercante ou que botaban moito tempo en plataformas, cando volvían, traían nomes da súa experiencia acolá. Un deles vira unha película que lle gustara moito, *La fugitiva del Canadá,* e púxollo ó seu barco.

3.8 Fútbol

Un total de 8 barcos, que suman 197,31 TRB, levan nomes que son ou poden considerarse vencellados ó fútbol: *Celta, Celta Segundo, Deportivo Primero, Dream Team, Futre* (portugués que foi xogador do Atlético de Madrid), *Mauri* (ex-xogador do Atlético de Bilbao), *Pelé* (o mítico 'rei' brasileiro), *Pirri* (foi xogador do R. Madrid e agora é o seu médico).

3.9 Política

Só vexo estas posibles referencias: *Patria, ONU, Hassan, Kaiser Dos, Martin Borman.* Un *Franco* podería se-lo apelido do propietario, aínda que tamén, un de tantos adxectivos (4.2.4).

3.10 Nomes que son datas

Só a intimidade ou a historia persoal de quen decide o nome pode explicar por que algúns barcos leven como nome unha data: *Día Uno, Diciembre, Primero de Abril, Sesenta e nove, Siete de julio.* Obsérvese que este último é un palangreiro de 372 TRB. Unha vez máis, o barco parece un memorial persoal ou empresarial.

3.11 Creación humorística no diálogo burocrático

15 barcos, que suman 23,67 TRB (media de 1,57), son unha creación do diálogo burocrático: o cidadán parece chegar a inscribi-lo barco sen ter decidido qué

imprimir_actas_def 14/9/06 10:27 Página 560

nome lle vai dar e ante a pregunta do funcionario sobre cal vai se-lo nome, déixao nas mans del. Neste caso parece lexítimo supoñer que a maior proporción de nomes en castelán indica que o diálogo entre o administrado e o administrador se realiza maioritariamente en castelán e mesmo que o administrado trata respectuosamente de *vostede* ó funcionario. Estes son os datos.

Común	Galego	Castelán
1: *Como todos*	3: *Como queira*, *Como queirades*, *O que lle poñan*	11: *Como quiera* (2), *Como Quieras* (2), *Como sea Dos*, *Como vea Usted*, *El que quiera*, *Es mi gusto* (2) *Lo que crea*, *Lo que salga*, *Que sé yo*

O referido Paco de Roque, mariñeiro de Camariñas, cóntame un caso acaecido naquel porto nos anos 60. Ramón , un mariñeiro de Camariñas, de alcume familiar *Furriñeiro,* chegou á Axudantía da Mariña dicindo

—Xa que toda a familia corremos como os Furriñeiros, o barco vai ser Furriñeiro.
O funcionario replícalle
—¿A onde vas ti con ese nome, ho?
—¡Pois é o meu gusto!
—¡Non pode ser!
—¡É o meu gusto!
—Pois vaite.

E o funcionario inscribiu o barquiño como *Es mi gusto*, en castelán. A gamela hoxe xa non existe pero o nome fixo graza e hoxe hai outros dous barcos co mesmo nome: un matriculado en Rianxo (4,67 TRB) e outro en Ribeira (0,97).

O mesmo Paco cóntame o caso doutro que mercou un dos primeiros motores portátiles que houbo (que daquela viñan de Yugoslavia) e quíxolle poñer *¡Que reme Dios!,* porque, grazas a aquel motor, para el acabara o andar a remo. Como na Axudantía se negaban a inscribirlle o barco con esa exclamación, despois de discutir un tanto, chegaron a unha transacción: poñerlle ó barco *Remedios.*

Outro caso que me refire é o de *No me tires xiba. Xiba* era o alcume dun mariñeiro de Camariñas. Tiñan un barco entre sete cuñados e había un que era así algo máis rebelde e era o tal Xiba. Dunha vez tiveron un desacordo entre eles e un día de borrachera Xiba tirou a gamela ó mar e o mar rompeuna. E, cando fixeron outra, puxéronlle de nome, como aviso, *No me tires, Xiba.* Claro que inscrito como *No me tires xiba,* resulta opaca a motivación.

O mesmo informante cóntame que denominacións coma *Non sei* ou *Que sé yo* dan lugar a situacións chuscas, cando as patrullas de vixilancia se achegan a pedi-la documentación dun barco e preguntan polo nome do barco.

imprimir_actas_def 14/9/06 10:27 Página 561

4. Aspectos gramaticais

4.1 Fonética

Encontro 17 barcos que reproducen fenómenos fonéticos. Entre eses fenómenos está a inestabilidade do vocalismo átono (*Pelonio, Sufía*), a simplificación de consoantes (*Juama* por *Juanma*, hipoc. de *Juan Manuel, No me tires, Xiba* por *Non me tires, Xiba*), a despalatalización do xe (*Souviña* por *Xouviña*), o seseo (*Carrisa, Chamiso, Nepomuseno, Reisiño, Teselana*) e a gheada (*Barrijas, Cajallo, Dejo, Jabota, Jaliñeiro, Lajareu, Lojiño*, *Sarjo Dos*). O sorprendente é que estes trazos fonéticos, todos eles excluídos da norma culta, suman 548,88 TRB (media 32'28 TRB); e precisamente a gheada, o trazo máis perseguido, está presente no 0,23% do total de barcos. Este dato indica que na xeración dos adultos estes trazos moi característicos do galego oral non se consideran impropios de figurar por escrito sen faltar á verdade lingüística: lémbrese que Rafael Dieste no seu discurso de ingreso na Real Academia Galega contaba que, cando de pequeno descubriu que as *ghaliñas* debían ser *galiñas*, levou unha decepción e tiña a sensación de que as *galiñas* non podían poñer ovos. Posiblemente un mariñeiro teña a mesma sensación entre a *javota* e a *gavota* / *gaivota*, entre o *jaliñeiro* e o *galiñeiro* e para el un *sarjo* probablemente non poida ter outro nome, cando mesmo insiste na matrícula (*Sarjo Dos*). Ben mirado, cabe outra posibilidade e é a de que a norma aínda non chegase ás persoas adultas en idade de matricularen barcos, cousa máis que probable, pero iso é tamén un interesante indicio sociolingüístico.

4.2 Morfoloxía

A observación morfolóxica permítenos extraer datos sociolingüísticos do contacto de linguas. Sendo a matriculación dos barcos un acto formal que se fai ante as autoridades da Marina ¿hai algún espazo para a lingua galega? A falta dun reconto directo, fago tres catas en elementos significativos da lingua elixida: a presenza dalgúns sufixos, a utilización dos artigos galego ou castelán e maila distribución dos adxectivos *novo /nuevo*.

4.2.1 Os sufixos como indicio de lingua de matriculación

Sufixos							
Nome do barco	Número de barcos	TRB	Media de TRB	Nome do barco	Número de barcos	TRB	Media de TRB
-iño	42	650,87	15,49	***-ito***	88	272,24	3,09
-iña	65	724,21	11,14	***-ita***	237	734,00	3,11
	107	1.375,08	**13,31**		**325**	1.006,24	**3,10**

imprimir_actas_def 14/9/06 10:27 Página 562

Este cadro permite ver que os nomes en castelán (325) son tres veces máis cós nomes en galego pero que, a tonelaxe media dos barcos en galego é catro veces superior á dos barcos con nome en castelán.

Dos outros sufixos ou terminacións consideradas espontaneamente galegas o máis frecuente é *-eiro* / *-eira.* En principio, os sufixos aumentativos utilízanse para denominar barcos de maior tonelaxe cós sufixos diminutivos e, se a estatística significase algo, *-eiro* parece considerarse máis aumentativo có sufixo *-eira.*

-acho(n)	*Anguiacho, Cachacho, Frescachón*	1.124 TRB (374,00 TRB)
-ote	*Cachote* (2), *Chinote, Machote, Masote, Naveote, Petote, Rixote, Xirote*	184,24 TRB (20,47)
-ota(s)	*Cañota, Carlota, Finota, Pixotas, Totorota*	247,77 TRB (49,55 TRB)
-uco	*Alfuco, Feluco, Ñuco, Peruco,*	15,19 TRB (3,79 TRB)
-uca	*Bichuca, Chaveruca, Chiruca* (3), *Chuca* (2), *Churruca* (2), *Facuca, Farruca, Finuca, Lisuca, Marinuca, Nuca, Payuca, Peruca, Peruca, Pituca, Uca, Viruca*	41,39 TRB (1,97 TRB)
-olo	*Cholo, Lolo, Manolo* (5), *Pacholo* (2), *Rincholo*	23,8 TRB (2,38 TRB)
-ola(s)	*Barrigolas, Cartarola, Manola, Mariola*	8,77 TRB (0,87 TRB)
-ete	*Dos Pilletes, Negrete, Nolete, Olete, Roquetes, Salmonete*	15,42 TRB (2,57 TRB)
-alla	*Migalla*	1,72 TRB
-eiro	*Baloeiro, Balueiro Segundo, Balueiro Terceiro, Baqueiro, Boleiro, Borraxeiro Primero, Brasileiro Tres, Cabaleiro Uno, Cociñeiro Primero, Corbeiro, Cruceiro, Ferreiro Segundo, Ferreiros, Gavoteiro, Jaliñeiro, Lameiro, Lameiro Uno, Laxeiro, Liñeiro, Mareiro, Mariñeiro Dos, Mariñeiro Dous, Meixueiro, Muiñeiro, Naboeiro, Naxeiro, O Cruceiro, O Mariñeiro, O Mariñeiro Dous, Palleiro, Pantalleiro, Regueiro, Sardiñeiro, Tabemeiro, Zapateiro*	1.633,38 TRB (45,37 TRB)
-eira	*A Rianxeira* (2), *Abelleira, Cabaceira, Cabaneira, Caneira, Chirlateira, Figueira, Foleira, Gacheira, Lavandeira, Lobeiras, Mareira, Mareira, Meloxeira, Melreira, Muiñeira, Mureira, Norteira, Orseira, Pantrigueira, Pedreira, Poceira, Rancheira, Ruleiras, Tercera Sardiñeira, Trasmalleira, Veleira, Ventureira, Xeiteira*	44,3 TRB (1,42 TRB)

imprimir_actas_def 14/9/06 10:27 Página 563

4.2.2 Artigo galego ou artigo en castelán

Observemos agora outro indicio de escolla lingüística, o uso do artigo

Denominacións de barcos con uso do artigo galego ou castelán							
	Barcos	TRB	Media de TRB		Barcos	TRB	Media de TRB
o	40	916,00	29,00	***el***	10	149,80	14,90
os	5	34,60	6,92	***la***	28	188,67	6,73
a	22	118,30	5,30	***los***	14	38,26	2,73
as	1	1,25	1,25	***las***	7	7,52	1,07
do	33	1.164	35,27	***del***	163	951,50	5,80
dos	7	81,97	11,71	***de los***	11	216,24	19,65
da	21	880,69	41,93	***de la***	17	1.552,00	91,29
das	3	196,75	65,58	***de las***	2	1,64	0,82
Total galego	132	3.393,56	MEDIA 24,62	**Total castelán**	252	3.105,63	MEDIA 35,74

Neste caso a proporción galego / castelán, segue sendo favorable ó castelán: 132 galegos fronte a 252 casteláns, de xeito que, se antes había un galego por cada tres casteláns, agora hai un galego por case cada dous casteláns pero a tonelaxe media é favorable ó castelán.

4.2.3 Os adxectivos *novo / nuevo*

Os adxectivos *Novo, Nova / Nuevo, Nueva* antepóñense ó nome dun barco que repite o nome dun barco que se tivo anteriormente.

NOVO + (nome dun barco anterior)	20	1.391 TRB	73 TRB	Total galego 20 barcos / 69,55 TRB
NOVA + (nome dun barco anterior)	0	0 TRB	0 TRB	
NUEVO + (nome dun barco anterior)	143	5.913 TRB	41 TRB	Total castelán 180 barcos / 35,32 TRB
NUEVA + (nome dun barco anterior)	37	445 TRB	12 TRB	

Como se ve, por este indicio vemos que existen 180 barcos matriculados en castelán por 20 matriculados en galego, Mesmo así, sorprende que a tonelaxe media dos barcos con nome galego duplique practicamente a tonelaxe dos barcos matriculados en castelán.

De todas formas temos que ter presente que a utilización do adxectivo *nuevo / nueva* refírese ó barco non ó nome e indica que hai ou houbo outro barco con ese

imprimir_actas_def 14/9/06 10:27 Página 564

nome; isto significa que, aínda que na maior parte dos casos hai concordancia entre o adxectivo e a palabra ou sintagma seguinte (*Nueva América, Nueva Florida, Nueva Concha, Nueva Camila, Nuevo Pajarito, Nuevo Bello Amanecer, Nuevo Feliz Viaje*), aparecen algúns casos nos que esa concordancia non existe no xénero (*Nuevo Bonita, Nuevo Carmen, Nuevo Cies, Nuevo Concha, Nuevo Concha, Nuevo Panchita, Nuevo Zulemita*) ou non existe no número (*Nuevo Dos Victorias, Nuevo Tres Hermanos*). Máis importancia ten para o noso asunto o feito de que apareza esporadicamente algunha denominación bilingüe na que o elemento galego é un topónimo (*Nueva Cedeira, Nueva Libunca*) ou, sobre todo, unha palabra ou sintagma común (*Nueva Percebeira, Nuevo Flor da Riveira*) e mesmo algún híbrido como *Nuevo Tranchito.*

Tamén no galego fronte as habituais formas de concordancia regular (Nova Andrea, Nova Antonia, Nova Madre Antonia / Novo Alonso, Novo As, Novo Bolero, Novo Eustaquio, Novo Preguntoiro, Novo Xeixal) temos algún caso con discordancia de xénero (Novo Felisa, Novo Madre Carmela, Novo Ameixa, Novo Alborada, Novo Morriña, Novo Saudade, Novo Xouba) ou mesmo híbridos (Novo Barquita, Novo Pilarín, Novo Leyenda Un).

4.2.4 Caracterización dos barcos

O seguinte cadro ofrece as diferentes caracterizacións utilizando preferentemente adxectivos, aínda que tamén, entre outras formas, substantivos que indican oficio.

	Masculino	Feminino	Masc. e fem.
Caracterización neutra	*Axexador, Bravo, Bravo Segundo, Cazador, Frescachón, Manso, Routado, Soliño*	*Ancha, Anfibia, Brava, Burguesa, Corsaria, Gacheira, Gitana, Mensajera, Moderna, Orgullosa, Pantrigueira, Rachada, Rascadora, Roxa, Rubia, Soliña, Solitaria, Soltera, Sultana, Tuya, Xeiteira, Redera, Segadora*	*Campante, Igual, Indiferente*
Caracterización positiva	*Atrevido, Blanquiño, Bo, Bonito, Campeón* (3), *Chiquito, Deseado, Deseado Segundo, Deseado Tercero, Dichoso, Experto, Feitiño, Fino, Garimoso, Loitador, Machote, Madrugador, Pantalleiro, Pescador Vilas, Postinero, Tranquilo, Velliño*	*Atrevida* (3), *Aventurera, Boa, Bonita, Campeona, Carpida, Chiquita* (2), *Chula* (4), *Chulas, Chuli* (2), *Chuli Dos, Coqueta, Cuquiña, Curra, Deseada, Dichosa, Favorita, Favorita, Feita Dos, Gallarda, Garbosa, Graciosa, Guapa, Ligera, Machotiña, Marinera, Marquesa, Mía, Mimosa, Pavera, Pescadora, Princesa, Rancheira, Rápida, Roxiña, Salerosa, Solita, Triunfadora, Túa, Voladora*	*Alegre* (2), *Amable, Audaz* (2), *Audaz Numero Dos, Galante, Veloz*
Caracterización negativa	*Temerario, Tirado*	*Arisca, Borrachita, Caprichosa, Caprichosa Dos, Celosa, Envidiosa, Esclava, Esclava del Mar, Fea, Feúcha, Fraca, Gandula, Perezosa, Rabuda, Sumisa, Tirana*	

imprimir_actas_def 14/9/06 10:28 Página 565

4.2.5 Pronomes, verbos e adverbios

Aínda que poida parecer estraño, hai barcos matriculados con pronomes persoais ou demostrativos (*Ego* (2), *El, Ella, Eu, Tu, Eso*) que suman 9,05 TRB cunha media de 1,29 TRB; hainos matriculados con verbos (*Avisa, Axúdame, Busca, Búscame, Cala*, *Espera* (2), *Espérame, Miradla, Mírame, Olvídate, Socórreme, Ven / Eres, Espero, Llegamos, Resplandece, Salimos, Vale* (2) *Vamos, Vuela / Iremos, Lucharemos, Volveré, Yremos / Era, Rulaba, Salí, Salió / Estar, Volver*) que suman 58,34 TRB cunha media de 1,71 TRB; e hainos tamén con adverbios (*Ahora, Así, Axiña, Fóra, Ya* que suman 6,56 TRB cunha media de 1,64 TRB). Non falta a preposición latina *Extra* de 1 TRB. É interesante observar que neste tipo de embarcacións pequenas de pouco máis de unha tonelada, predominan verbos coma *avisar, axudar, buscar, esperar*, *socorrer, vir* e dos modos verbais predomina o imperativo: parece percibirse a sensación de soedade e a necesidade que o mariñeiro ten de que dende terra non se esquezan del e que estean sempre atentos a botarlle unha man.

4.3 Sintagmas

181 barcos, con 1.889,9 TRB e unha media 10,44 TRB, están matriculados con sintagmas. Unha vez máis o número de barcos en castelán (181) triplica o de barcos con nome galego (68); en canto á tonelaxe, os galegos teñen unha media de 5 TRB e os casteláns 10,44 TRB.

	Galegos	Casteláns
> 50 TRB	2 /135,83 TRB (*Vamos indo siete, Mirando o mar*).	8/1.458,7 TRB (*Siempre San Prudencio, Siempre San Benito, Nuestra Golondrina, Siempre Antares, Siempre Socio, Llave del Mar, Mar Blanco, Llave de Burela*
< 50 TRB	66 = 205,07 TRB (media 3,06 TRB) *Alá ti, Ay Marea, Ben feito Dous, Benfeito, Bordaun, Bouche Ahí, Cala A Boca Numero Dos, Cho Direi Uno, Coidadiño, Coma ti, Como queira, Como queirades, Como ti, Contra vento e marea, Deixa andar, Deixa ver, Deixar oaso, Do agro, Do con, Do monte, Do toco, E miña* (2), *E o que hay, Ei de volver, Estrela da Mariña, Flor de maio, Flor dos loureiros, Frey Segundo, Froxa, Lume Dous, Mar bo, Mar chan Un, Miña nena, Miña Terra Dos, Miña xoya, Mírame Dous, Na pedra Uno, Nosa nena, Nosa terra, Pesca na pedra, Que voa, Quéresme algo, Saleu asi, Segundo Habia de vir e veu, Son o mMellor, Terranosa, Ti vesme,*	173 = 431,2 TRB (media 2,49 TRB) *A mi aire, Adelante legion dos, Adios, Adios vida, Ahí va, Aquí está, Aquí voy, As de oros, Así al mar, Así todo, Aunque me pese, Ave sin puerto dos, Batalla del mar, Bien hallado, Bien llegada, Bien mirado, Buen viaje, Buena suerte, Buenos dias* (2), *Busco la ría, Como quiera* (2), *Como quieras* (2), *Como sea dos, Como vea usted, Cruzando el mar* (2), *Cualquier cosa, Cuesta abajo, Déjame en paz, Dejen paso, Diosa de la selva, Dulcesol, El que quiera, Eres mía, Es mi gusto* (2), *Es mía* (5), *Ese es, Está bien, Estoy despierta, Flor de la Marola, Flor de mayo, Flor del mar* (5), *Flor del río, Furia del mar, Hasta luego, Hay que verla, Haz de guía, La luna me engañó, La mas joven, La vida es así, Ley del mar, Lirio rojo, Llego a puerto,*

imprimir_actas_def 14/9/06 10:28 Página 566

< 50 TRB	*Todo está ben, Tres de sempre, Vai mirar, Vamos indo* (4), *Vamos pa Terranova, Vamos rica, Vay ven, Vela ahi vai, Ven e mira, Vivo do mar, Xa bou, Xa cho direi, Xa era tempo, Xa esta ben, Xa fixen, Xa me vedes, Xa te vexo,*	*Luz de luna, Luz del mar, Luz divina* (3), *Mañana si, Mar abierto, Mar Arosa, Mar bello, Mar Cantábrico segundo, Mar y luna, Mar y sol, Mas calma, Me voy, Mi gamela, Mi nombre cuatro, Mi nueva Carmen, Mira y no me toques, Mírame bien* (2), *Mírame como quieras, Muy bien Tres, Ni mas ni menos, Niña del puerto, Niña del río, No canta Tres, No hay otra* (2), *No la hay, No lo sé, No me dejan, No me estorbes, No me tires xiba, No quiero nada, No sé, No sé Nada, No sé por que te quiero, No se presta, No te rías, No te vayas, No temas, Noche de Reyes, Nos vamos, Otra cosa, Para los tres, Para que veas, Paso del Norte, Por mi culpa, Por suerte, Puede ser, Que bien, Que dices, Que dirán de mi* (2), *Que pueden decir, Que quieres, Que sé yo, Rayo de plata, Rayo uno, Reviente la envidia, Rocío del mar, Rumbo del mar, Rumbo del sol, Salgo a tiempo, Salgo si puedo, Salio mar, Si la vieras, Siempre san Roque, Sígame si puede, Sin Nombre, Sin pensar Dos, Sin prisa, Sol y luna, Sol y mar, Soy de Isorna, Soy del mar* (2), *Te esperaba, Te gusta, Terror de los mares, Tú diras, Tú eres mi destino, Tú me llevas, Tú y yo, Tú y yo, Tú y yo dos, Una más, Vámonos que es hora, Váyase usted, Ven y vas, Venga lo que quiera, Vida de mi vida, Vienes tarde, Viento y calma, Vino del mar, Voy si puedo, Voy solo, Ya está, Ya esta bien, Ya la viste, Ya llegamos, Ya me ves, Ya verás, Ya veremos, Ya voy, Ya voy Segundo, Yo soy, Yo soy Concepcion, Yo y tú.*

4.4 Nomes ingleses ou angloides

Como signo dos tempos, fortemente influenciados pola lingua inglesa, aparecen algúns nomes coma *Carolay, Celtic Bay, Clipers, Charly, Daily, Dream Team, Enterprace, Flipper, Fokin Gamela, King Sea, Mike, Mister, Okey, Richard Dos, Rommy, Rudy, Sharon y Jamie, Shell Numero Uno, Star, Super Star, Urgain Bat, Vicky, Viking Bay, Yanke, Yes olray, Yovana, Yovi.* É interesante observar como aquí tamén a grafía silvestre e espontánea entra a saco nalgúns deles coma no caso de *Yes ol ray* e outros.

4.5 Xentilicios

Hai algúns coma *Camellana, Canaria*, *Catalán, Celta, Celta Segundo, Celtic Bay, Celtiga, Chilena, Cordobés, Cubana, Cubano, Danés, Galega, Liberiana, Parisina, Pirenaica, Portuguesa.*

imprimir_actas_def 14/9/06 10:28 Página 567

4.6 Vascos

Hai un grupo de embarcacións que levan nome vasco. Vexo os seguintes: *Beti Zorionak, Canalechevarria, Chomin, Eskusmen, Indaucho, Iñaki, Iñaqui, Ipartza, Itziar, Kalatxori, Lagunak, Maicoa, Mauri, Ondarroa, Villa de Ondarroa, Vizcaya, Yosu Eneko.* Dado que, como dixen, hai a crenza de que, cando o barco cambia de dono, trae mala sorte cambiarlle o nome, é ben probable que se trate de barcos de segunda man, mercados no País Vasco. E é verosímil porque son 17, que suman 1.890 TRB, cunha media de 111,23 TRB.

5. Observacións ortográficas e unha anécdota

A ortografía que figura no censo de barcos pesqueiros de Galicia é unha grafía espontánea, case silvestre como dixen, que bate con algunha frecuencia nos casos nos que hai posibilidade de bater. Así está presente o betacismo en casos coma (*Arco da Bella, Banesa, Ben Jesus, Ben por mí*, *Bouche ahí*, *Corbeiro, Xa bou*). A letra muda *h* falta naturalmente en dous casos: *Ay marea* (0,74 TRB) e *Ei de volver* (1,8 TRB). Obsérvase un certo gusto por representa-la velar xorda como K, que lle dá un certo aire exótico a nomes ou palabras comúns entre nós, coma *Ali-Kates* (por *alicates*), *Keimada, Kiko, Kique*, aínda que hai o caso contrario, adaptacións de nomes foráneos coma *Iovana* (por Giovanna), *Carolay* (por *Caroly*) e *Katiusca /Katiuska.* Observo aglutinacións coma estas: *Ancora D'ouro, Avella, Ayenka, Bandaorio, Sanamaro, Sanamedio, Xo verás* (por *Xa o verás*), hai unha posible deglutinación en *Sua grus* (¿por *Su a crus*?) e vexo tres casos de grafía portuguesa: *Anjo, Erva, Painho.* Todo é sintomático do galego oral e dunha práctica ortográfica silvestre, asentada nun fino sentido do que é a fonética galega, pero á que non chegou aínda a escolarización en galego: nin ó propietario nin ó funcionario. Aínda que o censo que utilizo é o do 2002, carezo do dato do ano de matriculación, polo que é posible que na maior parte dos casos se trate de barcos matriculados antes de todo o proceso de formación do funcionariado en lingua galega.

Cómpre anotar que un erro na inscrición é inalterable. É ben coñecido un caso na Ría de Vigo: o barco máis coñecido de transporte de viaxeiros ás illas Cíes navega como *Illas Ficas* e trátase dun erro monumental que se produciu, segundo me explicaron na empresa, porque cando cubriron os primeiros impresos, a empresa quería poñer *Illas Sicas*, que é o nome antigo, pero quen escribiu, pensando nas actuais *Cies,* escribiu cun *C* inicial e visto o erro, reescribiu *Sicas.* Disque cando os papeis chegaron á Administración (¿en Madrid?), o funcionario que viu un *C* e un *S* superpostos interpretou que se trataba dun *F* e así o inscribiu. O barco aínda navegou varios meses co letreiro *Illas Sicas* pero a Administración, detectada a discordancia entre inscrición que figuraba no barco e nos documentos, ordenou poñer *Illas Ficas* e así figura dende aquela por máis que se trate dun erro manifesto e por máis que induza a que moita xente, maiormente turistas foráneos, marchen pensando que o nome antigo das Illas Sicas é o de *Illas * Ficas.*

imprimir_actas_def 14/9/06 10:28 Página 568

6. Barcos con nomes que piden sobrevivir na lingua

63 barcos que suman 607,41 TRB (media 9,64 TRB) levan nomes admirables por canto nos permite ver esa estupenda ferramenta que é o *Diccionario de diccionarios* de Antón Santamarina (Santamarina 2003) e que utilizarei para este apartado. Non é mala idea destacar algúns nomes que me chamaron a atención, porque, nalgúns casos, son verdadeiras palabras únicas (*hápax legómena*) ou rondan esa categoría, coma *Catela, Chiribel, Chiribia, Chirlateira, Chovín, Chovina, Fusqueta, Guripa, Lezo, Masote, Masulán, Paiuca* (se non é enxordecemento inicial por *baiuca*), *Peoniña, Peroca, Perquela, Risuga.*

Noutros casos son palabras que escasamente aparecen nos dicionarios, como é o caso de *Congorza* (da que só fala Sarmiento, que a daba como voz portuguesa e hoxe é nome dun barquiño de madeira de 1,11 TRB de Cangas); de *Leixón* (que C. García só documenta como 'terrón moi grande' en Novefontes); de *Maraxe* (nome dun barco de Bueu e palabra que en 1961 o apéndice ó *Diccionario* de Eladio Rodríguez recollía en Cangas, localidade estrema pero aberta a outra ría, e definía como 'Especie de marejadilla con viento del Suroeste, frecuentemente después de un temporal y con una espuma que despide cierto mal olor. Constantino García recollíaa tamén no Grove, na mesma ría ca Bueu, pero tamén en Toba (Ría de Corcubión); de *Monxo* (que Rivas Quintas recolle en Valdeorras como 'especie de seta o choupín' e explica que vén *de monxe, por semejanza*); de *Parracho* (outro nome de cogomelo); de *Peruca* (pera moi pequena); de *Patarruxo* (barquiño de 0,99 TRB matriculado en Noia e que na mesma ría corresponde ó peixe escalo que pode chegar a medir un metro con pintas lenticulares, o *Scylliorhinus*, *Petela* (Santamarina recolle información desta palabra[5]); de *Picoyo* (barqco do porto do Son que lembra a *picoia* que en Guntín é unha herbácea semellante á leituga); de *Pindirucho* (que lembra unicamente o *pindirico* que os dicionarios definen como 'Cosas pendientes que se traen colgadas, como condecoraciones, dijes, etcétera' ou como 'o máis alto dalgo'); de *Pión* (peixe do que dá moita información Ríos Panisse[6]); de *Pioto* (barco de Muxía; *Pioto* que é o torno de carro en Quiroga, Lugo, pero petada de pan de millo en Cangas); de *Pixota* (o peixe *Merluccius merluccius* pero tamén muller de porto de mar); de *Rebalo* (nome do peixe *Morone labrax,* que Ríos Panisse recolle en Sada, pero o barco é de Ribeira); de *Ruleiras* (que parece ser adxectivo, 'arruladoras, acariñadoras', aínda que tamén existen substantivos pero son masculinos); de *Tafula* (adicta ás casas de xogo); de *Talieira* (palabra da que ofrece información enciclopédica Eladio Rodríguez e que se ve que entre mariñeiros está máis viva do que puidera parecer[7]).

Doutras só ouso facer conxecturas, como é o caso de *Meloxeira* (quizais relacionado con *meloxa*, que Filgueira en 1926 definía como 'lavaduras de la miel'); de *Namura* (se non for aglutinación do sintagma *na amura* aínda que o nome non se coloca na amura do barco senón na popa e, se o hai, na ponte); de *Navalín* (de Celeiro e de 2,33 TRB); de *Naxeiro* (¿con palatalización de *-s-* por *naseiro* 'o que pesca con nasas' ou 'lugar onde se colocan as nasas'?); de *Parrola* (quizais, 'parra

imprimir_actas_def 14/9/06 10:28 Página 569

pequena'); de *Piriquiño* lembra o *piriquito* dalgúns dicionarios por 'moño que fan na cabeza co pelo as mulleres'; de *Pirrín* (barco de Cambados, evoca o *pirrí* de Sada que é o charrán común, *Sterna hirundo*); de *Pistracas* (cousa negativa[8]).

Algúns teñen tódalas trazas de seren hipocorísticos *Licho, Lisbel, Marucho, Maruxela.*

Outros son enigmáticos, coma *Pesanubis, Cridiáns* (que parece un topónimo pero, se o for, será topónimo menor), *Urola, Ximprón* (¿variante de *xiprón* 'leite callado'). E aínda podiamos seguir con estoutras: *Ploma, Porvén, Raspito, Risuga, Rolindes, Ropila, Totorota, Turela, Urola, Xerco.*

Todo isto revela que o mariñeiro mantén activos niveis de léxico que xa morreron hai unha ou varias xeracións para boa parte dos escritores, profesores e mesmo lingüistas que, para chegarmos a selo, tivemos que someternos a unha intensa e extensa inmersión no castelán e estamos afeitos a utilizar preferentemente o sector abstracto ou como moito urbano do léxico.

7. Conclusións

O nome do barco é a parte persoal, anecdótica e informal da documentación do barco, unha especie de segunda matrícula, na que a tradición permite unha certa informalidade. Os nomes que fomos vendo, maiormente os que vimos nos apartados 3.11 e no 4.3, indican claramente que este é un ámbito relativamente informal e, polo tanto, nada parece impedir que aí apareza a lingua galega (e que aparecese mesmo durante o réxime predemocrático) aínda que teña que formalizarse en documentos públicos. Percíbese en certos casos a existencia dun elemento filtrador: algúns funcionarios poñen en castelán o que o dono do barco di en galego e, noutros casos, filtran de maneira eufemística algunhas denominacións que lles parecen extravagantes; e os resultados por veces fan rir (3.11) e por veces resultan grotescos (5).

O feito de que a maior parte da frota pesqueira sexa de baixura permítenos percibir cal é o comportamento nominador de familias ou mesmo de persoas, dado que son minoría os barcos ós que lles pon nome o consello de administración dunha sociedade (é nese caso cando obras de Valle Inclán, escritor galego de grandes minorías, dan nome a barcos de 55 ou 240 TRB): quere isto dicir que nos achegamos ós comportamentos nominadores de moitas persoas de nivel medio (ou medio-baixo) que forman a base social da lingua.

Parece que a escolla do nome para un barco novo ten moito que ver coa vida privada do nominador e, dentro dela, con cuestións afectivas, con realidades que son importantes para quen pon nome ó barco, quizais tamén coa necesidade do mariñeiro de se sentir acompañado na soedade do inmenso e perigoso mar polas persoas que ama, maioritariamente a muller, a nai, as fillas, as netas, coma se isto lle dese seguranza.

Nesa mesma liña, parece funciona-lo desexo de evocar permanentemente experiencias persoais pasadas, ben en días concretos (3.10), ben en portos concretos do ancho mundo (3.2.2) ou de lugares que o mariñeiro ama (3.4).

imprimir_actas_def 14/9/06 10:28 Página 570

Repasando os nomes vese que o mariñeiro galego que puxo nome ós barcos é home de moito mundo, que non só percorre a costa de Galicia senón que coñece a fondo as costas de América e Asia. América é un referente maior que o resto da península ibérica; e Asia supera o resto de Europa. Isto evidencia que o mariñeiro galego navegou moito polo Atlántico sur e polo Pacífico (3.4) . Lamentablemente a tremenda paralización que para a costa galega supuxo a entrada na Unión Europea obríganos xa a ir falando de todo isto en pasado.

Eu formularía a hipótese de que o mariñeiro parece ve-la sociedade terrestre como máis galega e feminina e a sociedade celestial como lingüisticamente allea e máis masculina (3.3).

E cando o barco xa é máis ben industrial e pola tonelaxe sabemos que o propietario é unha empresa, é dicir, cando é un consello de administración que escolle o nome do barco, téndese a coller topónimos galegos (montes ou rías) ou obras de escritores galegos en castelán (*Bradomín, Luces de Bohemia*), quizais porque as persoas dese nivel económico teñen a mesma opción lingüística de Valle Inclán, falar castelán con palabras ou expresións galegas.

Dende un punto de vista lingüístico, entra polos ollos que a presenza do castelán é maioritaria, como era de esperar, por se-la matriculación do barco, aínda así, un acto xurídico que implica sempre unha xestión documental e para esta función o castelán leva séculos sendo a única lingua admitida. A intervención burocrática neste proceso onomástico actúa, como dixen, de filtro castelanizador.

Hai áreas moito máis castelanizadas, como son a relixiosa, e isto pode ser un eco dunha liturxia maioritariamente feita en castelán. A presenza da lingua galega nestes nomes oficiais debe de representar aproximadamente un terzo do total, aínda que isto é difícil de cuantificar porque queda unha bolsa grande de denominacións que se poden interpretar como pertencentes a calquera das dúas linguas e tamén porque hai denominacións híbridas.

Que, polo menos, un terzo dos nomes sexan galegos pode deberse a unha certa transixencia da Administración pero tamén a que non lle puido poñe-la proa a unha lingua que na actividade mariñeira, en canto sector primario, non só é omnipresente senón practicamente exclusiva. Vese, ademais, que poñer nomes galegos ós barcos é un acto natural e espontáneo de persoas non marcadas en principio por compromisos políticos galeguizadores: percíbese na grafía moitas veces silvestre das palabras galegas e, tamén, na absoluta liberdade (case diría preferencia) con que se usan trazos dialectais que non están na norma da lingua galega. Os nomes dos barcos constatan algo que sabemos por outros ámbitos: o que predomina en Galicia é o uso espontáneo da lingua, libre do corsé normativo. Pero a comparación da lingua coa tonelaxe revela que, en xeral, a lingua galega escóllese (aínda que sexa de maneira inconsciente) para embarcacións de maior tonelaxe cás que reciben nome en castelán: o que quere dicir que o galego non é alleo a ningún nivel social.

O dito no apartado 5 revela a extraordinaria riqueza léxica dos nosos mariñeiros que neste proceso compulsivo de urbanización que padece a sociedade galega actual parece condenada a extinguirse sen posible amnistía.

imprimir_actas_def 14/9/06 10:28 Página 571

Quedan moitos temas por estudar e, se esta comunicación, provocase en alguén interese pola onomástica efémera, cumpriría plenamente o seu obxectivo segundo, porque o obxectivo primeiro, e ata este momento non confesado, era face-la miña persoal homenaxe á xente común que sostivo e sostén aínda estatísticamente esta lingua, que, por moito que sexa xa universitaria, non pode prescindir da xente común sen perecer.

imprimir_actas_def 14/9/06 10:28 Página 572

BIBLIOGRAFÍA

Ferro Ruibal, X. (dir.) (1992): *Diccionario dos nomes galegos*. Ir Indo edicións, Vigo.

Kremer, D. (1994): «Galegisch: Interne Sprachgeschichte III. Onomastik = Gallego: Evolución lingüística interna III. Onomástica en Günter Holtus, Michael Metzeltin e Christian Schmitt (eds.), *Lexikon der Romanistischen Linguistik, VI/2: Galegisch, Portugiesisch = Gallego, Português*, Tübingen, Max Niemeyer, 1994:34-46.

Santamarina, A. (2003): *Diccionario de diccionarios.* Instituto da Lingua Galega. Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña.

imprimir_actas_def 14/9/06 10:28 Página 573

NOTAS

1. Tradición que mantén o novo propietario da empresa, Monbús.

2. Esta parece ser, polo censo que consulto, a forma predominante, cando a tonelaxe é alta, e cando o armador é unha empresa.

3. *Some Like It Hot* (1959) –en cast. *Con faldas y a lo loco*–, de Billy Wilder, con Marilyn Monroe, Tony Curtis e Jack Lemmon.

4. *Que sí, que sí, que sí, que sí,*
   que a la Parrala le gusta el vino;
   que no, que no, que no, que no,
   ni el aguardiente ni el marrasquino.
   Que sí, que sí, que sí, que sí,
   que si no bebe no pué cantá,
   que no, que no, que no, que no,
   que sólo bebe para olviá.

5. **petela** s. f. Hecho y faena de petelar los erizos que suelten las castañas. Touro y Cesuras, Co.(Frampas III) [Elixio]

   petela s. f. Operación de petelar o sacar las castañas del erizo. bulla. Porción de manteca, o de pan, de forma redondeada. [Franco]

   petela BULLA s. f. Gritería o ruido que hacen una o más personas reunidas. Conjunto de gentes entre las que hay alegría y diversión más o menos ruidosa: BULLANGA. Algazara, bullicio, confusión de voces; BULLEIRA. Acción de BULLAR las castañas asadas. Operación o faena que se practica en el SOUTO o castañal para separar las castañas de los erizos que forman la OURICEIRA: PETELA. La BULLA o PETELA es propia de las comarcas de la montaña media, donde abundan los castañares. Hácese apartando con un sacho los OURIZOS hasta formar un montón más o menos grande, que nuestras gentes denominan CORRIPA, y así quedan durante unos días a la intemperie en el mismo SOUTO, para que se sequen o se pudran, pues de este modo los erizos sueltan las castañas con más facilidad. Después, con la cota de un ANGAZO o con unas pinzas grandes de madera, se golpean los erizos hasta separar de ellos las castañas; con éstas ya BULLADAS se forma un montón que llaman LARADA y se recogen para escogerlas. El conjunto de CASCAS de los erizos se repasa con unos MACICOS, a fin de que no quede entre ellas ninguna castaña; y para hacer uso de los MACICOS o PICOS se arrodillan los BULLADORES sobre unos FACHUCOS o hacecillos de FIEITOS o helechos, clasificándose las castañas en dos FREITOS o grupos: uno con las castañas grandes que se dedican al alimento de las personas y que han de secarse luego en el CANIZO, llamándose después CROCAS, y el otro grupo lo constituyen las castañas o CROUCOS, que son las de menos volumen, y además las VERMOSAS y PADRES, que sirven para comida de los animales, especialmente de los cerdos en ceba. Déjanse por inútiles las llamadas BOLERCAS o BULLECAS, que no tienen más que la cáscara y

imprimir_actas_def 14/9/06 10:28 Página 574

que en la siguiente primavera han de formar en el humus de los detritus un magnífico PRIVIDEIRO, ALCOUVE o semillero de CASTIRIÑOS BRAVOS. La BULLA practícase en la primera quincena de Noviembre, coincidiendo con la siembra del centeno, y es silenciosa, callada, recogida y tiene cierto carácter litúrgico, austero y grave, que contrasta con la nota animada y alegre del MAGOSTO. Bulla das graízas, llámase así en algunas comarcas la MALLA, que es la faena de separar el grano de la paja en la EIRA. Bulla do maínzo, o do millo, nombre que se da en algunas zonas de montaña a la operación de poner al descubierto las espigas del maíz, dejándoles las hojas formando un atadijo, para colgarlas después en las SOLAINAS y CORREDORES de las casas; ESCASULA. [Eladio]

petela s. f. Operación de PETELAR o sacar las castañas del erizo. BULLA. [Eladio]

6. **pión** Ammodytes cicerellus (Raf.), Barrinaire: NI. Etim. V. piuardo. [Panisse]

pión Ammodytes lanceolatus (Le Sauv.), Pión: Sada, Caión, NI, NOE. Etim. V. piuardo. [Panisse]

pión Ammodytes tobianus (L.), Aguacioso: Caión, NI, NOE. Etim. V. piuardo y pipión. [Panisse]

pión Argentina sphyraena (L.), Pez plata: Ézaro. Etim. V. peón. [Panisse]

pión Atherina hepsetus (L.), Chucleto: Bares, Laxe, Muxía, NI, CORN., CUV. (reg. en A Cruña). Etim. V. piuardo. [Panisse]

pión Atherina presbyter (CUV.), Abichón: Cariño, Viveiro, Escarabote, Ribeira, Laxe, Malpica, Miño, Mugardos, Rianxo, Carril, Ézaro, Muxía, Camariñas, Corme, Caión, Mera, NI, P. CRESPO (reg. en Boiro), ABUÍN, S. Ciprián, Sada. Etim. V. piuardo. [Panisse]

pión Engraulis encrasicholus (L.), Boquerón: Rinlo (ant.). Etim. Recibe este nombre por la semejanza que tiene con un pión o Atherina presbyter. [Panisse]

pión bravo Argentina sphyraena (L.), Pez plata: Laxe, Mugardos, Corme, Escarabote. [Panisse]

pión d'altura Argentina sphyraena (L.), Pez plata: Espasante, Bares, Viveiro, Muxía, Camariñas, Pontesdeume, Miño, Cedeira, Burela, S. Ciprián. Etim. V. peón. [Panisse]

pión da plaia Ammodytes lanceolatus (Le Sauv.), Pión: Cedeira. Etim. V. piuardo. [Panisse]

pión da plaia Argentina sphyraena (L.), Pez plata: Cariño (id. dud.). Etim. V. peón. [Panisse]

pión da plaia Atherina presbyter (CUV.), Abichón: Espasante, Bares. [Panisse]

pión de baixura Atherina presbyter (CUV.), Abichón: Viveiro. Etim. V. piuardo. [Panisse]

pión de Baldaio Ammodytes tobianus (L.), Aguacioso: Mera, Sada, Mugardos, Cedeira, Ares, NI. Etim. V. pipión. [Panisse]

imprimir_actas_def 14/9/06 10:28 Página 575

pión de Baldaio 'pececillo que se pesca en las playas de Baldaio-Carballo' (E. R., F. G., CORN.). Es probablemente el Ammodytes tobianus (L.). Aunque CORN. da como nombre cient. Esox sphyraena, hay razones suficientes para creer que se trata de la especie que nos ocupa. [Panisse]

pión do rodaballo Ammodytes tobianus (L.), Aguacioso: Cariño, Espasante. Etim. V. pipión. [Panisse]

pión 'pejerrey' (F. G., E. R., CARRÉ, FILG.); 'pez de mar' (IBÁÑEZ); en La Coruña los pescadillos piardas de Pontevedra' (SARMIENTO, Catálogo. Es probablemente la Atherina presbyter (CUV.) [Panisse]

pión sin sanghre Atherina hepsetus (L.), Chucleto: Cedeira. Etim. V. piuardo. [Panisse]

pión sin sanghre Atherina presbyter (CUV.), Abichón: Cedeira. Etim. V. piuardo. [Panisse]

7. **Talieiro** s. m. Atalayador, el que registra una determinada extensión de mar, yendo en la proa de una PINAZA. Individuo que formaba parte principal de las antiguas artes de pesca por medio del cerco real o de la CHINCHA. Llamábase también GOBERNADOR y MANDADOR. En La Coruña denominábase AVIADOR el que ejercía el cargo análogo en el CEDAZO; ATALAIEIRO, TALIEIRO.

El ATALIEIRO era uno de los vicarios del gremio de mareantes de Pontevedra, y sus funciones alcanzaban a todos los TRINCADOS de las faenas pesqueras. Mantenía el orden; procuraba la armonía de los intereses de unos y otros; castigaba a los que desobedecían sus mandatos, a los que infringían las prescripciones escritas y a los que no guardaban los usos, las normas y las costumbres de los varios sistemas de pesca; y muy particularmente le estaba encomendado vigilar por la igualdad del momento en que todos los CERCOS debían lanzarse al descubrimiento de la sardina y suspender la pesca al término de la semana, levantando para ello, desde el TRINCADO, un pendón o bandera que obligaba a todos a regresar al puerto. Era la única y alta autoridad de marina en el mar; era la ordenanza viva y en acción; se elegía por los individuos de cada CERCO; señalaba los días del principio y fin de la pesquera; inspeccionaba el estado de las redes y de los cercos antes de la salida al mar; cuidaba que la red fuese cuidadosamente recogida y ordenadamente transportada al PEIRAO y colocada en el TRINCADO; obraba como patrón entre los patrones y sobre los patrones de los barcos, incluso el maestre del TRINCADO, y daba pauta a los movimientos de todos los que integraban la sociedad, regulando la marcha, la dirección, el alto en un punto cualquiera del mar y la aproximación a la POSTA en que debían verificarse los lances. Su misión principal consistía en elegir la PINAZA más ligera y voladora, dotarla con los más fuertes remeros, y con ellos o a la vela, recorrer en todas direcciones la ría, poniendo a prueba el sentido de la vista para dar con la sardina, seguirla y hacer el CHAMO al TRINCADO para que acudiese lo más pronto posible a la POSTA o punto designado. Correspondíale, además, la dirección exclusiva de las

imprimir_actas_def 14/9/06 10:28 Página 576

operaciones del lance, desde que se comenzaba a calar la red hasta que se extraía toda la sardina y quedaba el aparejo en condiciones de volver al mar. Otra de sus misiones consistía en señalar a cada COMPAÑEIRO, patrón, MESTRE, muchacho o AXUDANTE la parte de la ganancia a que cada cual era acreedor y merecía por su comportamiento, para lo cual estaba convertido en una especie de juez. Era uno de los mayores capitalistas de la sociedad, concurriendo a su formación con el TRINCADO o parte de él, la CAIRA, quiñones de red y algún barco o PINAZA, y era asimismo el que representaba al CERCO, interviniendo en la reforma de las ordenanzas del gremio y tomando parte en los actos más importantes. El cargo de ATALIEIRO era la máxima y última categoría entre aquellos antiguos pescadores que comenzaban por rapaces do mar y a que llegaban sólo los prácticos, los entendidos, los prudentes, los celosos, los justos Y los más dignos de serlo. El ATALIEIRO del arte denominado CHINCHA cumplía su misión yendo por tierra en busca de las tropas de peces, y apenas los atisbaba hacía señas con la mano para que la embarcación se situase frente a la bandada y a la playa o punto donde él estaba, ordenando entonces que el lance comenzase.

8. **pistraca** adj. (Sob. Oir. Cod.) dícese de la persona que come poco. [Constantino]

pistraca s. f. Piltrafa, parte de carne flaca que apenas tiene más que el pellejo.Fig. Persona delgada, que come muy poco. [Carré]

pistraca adj. Persona que come muy poco y nada le gusta. Dícese también de la mujer descontentadiza, que gime y lloriquea sin motivo. Mujer muy delgada, de muy pocas carnes y de muy escasa salud. [Franco]

pistraca adj. Persona que come muy poco y nada le gusta. Dícese también de la mujer descontentadiza, que gime y lloriquea sin motivo. Mujer muy delgada, de muy pocas carnes y de muy escasa salud. [Eladio]

pistraca (tar feito unha) Estar hecho una sopa. V. das Meás. Del lat. «PASTA». (HE14) [Aníbal]

pistraca (tar feito unha) Enfermo, flaco; desaliñado, sucio, en Barcia. Estar hecho una sopa, en V. das Meás. Del lat. «PELLIS». (HE24) [Aníbal]

pistraca (feito unha) Enfermo, delgado, flaco, en Barcia. Mal vestido, hecho una sopa, en Veiga das Meás. (VSP) [Aníbal]

pistraca Piltraca, piltrafa, parte de carne flaca Dícese tambien de una persona que come muy poco y no de todo. [Valladares]

pistraca Apodo, de Pitaccium. La mona, apodo de la muger fea. [Pintos]